

Mércores, 3 de setembro de 2025

Núm. 167

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA
CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.
2025-3169, DE DATA 28 DE AGOSTO DE 2025*

MEDIO AMBIENTE

Expediente núm.: 4565/2024

ANUNCIO

Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Redondela mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2025-3169 de data 28 de agosto de 2025, do seguinte tenor literal:

« ANTECEDENTES:

- Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Redondela de novembro de 2019 remitido polo Servizo Agrario Galego o 31/07/2024 para a súa aprobación e posterior remisión á Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Providencia da Alcaldía do 02/08/2024 de solicitude de informe a Secretaría .
- Informe xurídico do 05/08/2024
- Informe -proposta de Secretaría do 05/08/2024
- Resolución da alcaldía núm. 2024-2190 de data 06/08/2024 aprobando inicialmente o Plan Municipal de Prevención de Incendios e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Redondela, a apertura de información pública e solicitude de informe preceptivo e vinculante á Dirección xeral de Defensa do Monte competente en materia forestal, con carácter previo á súa aprobación definitiva.
- Anuncio aprobación inicial e información publica-BOP núm. 158 do 14/08/2024.
- Alegacións presentadas por Jonathan Martínez Fernández e a CMMVVMC da parroquia de O Viso.
- Certificado de publicación anuncio no Taboleiro de Anuncios.
- Certificación de exposición pública de data 23/08/2024
- Solicitude de informe á Dirección Xeral de Defensa do Montes de data 24/09/2024, de carácter preceptivo e vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: SXWNXCVPVATKQ8



Mércores, 3 de setembro de 2025

Núm. 167

- Informe do vixilante de obras do 04/10/2024 de inspección sobre construcións ubicadas na parcela coa referencia catastral 36045A002001800000WO .
- Informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte do 10/12/2024, recepcionado o 11/12/2024 e que conclúe literalmente: O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Redondela cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

Esta Dirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Redondela, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable e arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinerías e parques e instalacións industriais, tal e como se establece no artigo 21.1. da Lei 3/2007, do 9 de abril, quedando condicionada a súa aprobación definitiva á modificación do Plan coa alegación estimada neste informe.

- Remisión pola Dirección Xeral de Defensa do Monte do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Redondela, de decembro de 2024 e asinado polos técnicos forestais competentes, rexistro de entrada o 28/08/2025 // 2025-E-RC-12362.

Considerando que, no informe da Dirección Xeral de Defensa do Monte, se indica que a aprobación definitiva queda condicionada á modificación do plan coa alegación estimada en dito informe, presentada pola Comunidade de Montes Veciñas en Man Común do Viso para a eliminación da afección relativa ao VOR de Aena situado na parroquia do Viso.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Os artigos 7.a) e 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Os artigos 27 e 31 a 36 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Os artigos 75 a 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- O artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 16.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e en artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vistos os antecedentes e lexislación aplicable, esta Alcaldía.



RESOLVE

PRIMEIRO.— Desestimar as seguintes alegacións:

- A segunda, terceira, cuarta, quinta e sexta presentadas no rexistro xeral o 04/09/2024 co núm. 2024-E-RE-6681 pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Viso (CIF V36101525)

A segunda alegación, na que se solicita que na Base da Peneda a afección quede afectada temporalmente ata que haxa o cambio do PXOM e que nese momento se poida adaptar a nova delimitación, se ben a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 16.4 indica que os concellos cuxos plans xerais de ordenación municipal (PXOM) estean en trámite de aprobación poderán elaborar os seus plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais baseándose nos devanditos PXOM, para manter a coherencia do plan, toda a definición de núcleos e construcións illadas debe axustarse a un único planeamento urbanístico en todo o territorio, non podendo realizar actualizacións de tan só un pequeno encadre na Base da Peneda.

A terceira alegación, na que se di que os datos históricos de incendios non son correctos, os datos achegados na memoria son datos aportados pola Consellería de Medio Rural para o período indicado.

A cuarta alegación, na que se da traslado de que o documento só fai un simple traslado do que establece a lei de incendios vixente a un plan de Defensa municipal e no que se observan carencias importantes, citando unha serie de información que se considera relevante e da que se solicita a axeitada corrección e complementación, dicir que a información solicitada para a súa incorporación no Plan non se contemplan no artigo 16.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e polo tanto non son un requirimento imprescindible para a tramitación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A quinta alegación, na que se di que o documento presentado non ven asinado por técnico competente en materia forestal que lle dea unha mínima verosimilitude e credibilidade no que nel se expón, segundo o indicado no artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para poder levar a cabo a aprobación definitiva, o concello debe contar cun plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais asinado por técnico competente en materia forestal, polo tanto é no momento que o concello vaia levar a cabo a aprobación definitiva cando ten que dispoñer do documento asinado.

A sexta, e última alegación, na que se fai mención de que o Plan non foi exposto, debatido nin informado ante o Consello Forestal Municipal, dada a natureza do procedemento e seguindo o establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o concello podía acordar un período de información pública. O Concello de Redondela, mediante Resolución da Alcaldía núm. 2024 – 2190 de data 06 de agosto de 2024 aprobou inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de



Mércores, 3 de setembro de 2025

Núm. 167

Redondela, procedéndose á apertura dun período de INFORMACIÓN PÚBLICA por prazo de 20 días, a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO nº 158 do mércores, 14 de agosto de 2024).

- Ás formuladas por Jonathan Martínez Fernández (*****134 V) con rexistro xeral o 24/08/2024 e núm. 2024-E-RE-6480.

A primeira alegación conforme a que o Concello de Redondela carece de “Plan de Emerxencias municipais (PEMU) no que integrar o plan de incendios forestais, a lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 27c) indica que os concellos deben elaborar e aprobar o plan de emerxencia municipal, os plans de actuación municipais e, en xeral, calquera outro instrumento de planificación de protección civil no ámbito municipal.

A segunda alegación na que se di que non existe un catálogo de medios e recursos no propio plan local (P.D.C.I.F), nin existe PEMU no que integrar dito catálogo, no artigo 16.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia non se contempla o catálogo de medios e recursos e polo tanto non son un requirimento imprescindible para a tramitación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A terceira, e última alegación, en relación a que o Plan non contén as accións necesarias para a defensa contra incendios forestais en Situación 0 e Situación 1, o título 3.1.3 da memoria do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais “Activación do PEIFOGA en situación 2” no seu contido explícase cales son as situacións 0, 1, 2 e 3.

Cabe mencionarse que as situación 0 e 1 comprenden as fases de recepción e confirmación da alarma, información, seguimento e, no seu caso, a activación, proceso de extinción e posterior desmobilización de medios. Nestas situacións (0 e 1) os centros de coordinación de distrito forestal son os que coordinarán tódolos medios terrestres presentes na súa zona, con independencia da súa pertenza ao SPIF, á administración local ou calquera outra, incluídos os apoios interprovinciais ou doutras consellerías.

A situación 2 implica a comunicación ó Xefe/a do Servizo Provincial de Emerxencias, alcalde/s dos concellos afectados, delegación e subdelegación do Goberno, director/a territorial de Presidencia, director/a territorial de Medio Rural, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, xerente da Axencia Galega de Emerxencias e CCC; e en consecuencia desenvólvese máis na redacción do plan.

SEGUNDO.— Estimar a alegación primeira presentada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Viso (CIF V36101525) o 04/09/2024 co núm. 2024-E-RE-6681, na que se solicitaba eliminar a afección relativa ao VOR de Aena, situado na parroquia do Viso no monte Outeiro Grande, por non ser construción destinada ás persoas.

TERCEIRO.— Aprobar definitivamente o Plan Municipal de Prevención de Incendios e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Redondela coa alegación estimada no informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte do 10/12/2024, recepcionado o 11/12/2024.



Mércores, 3 de setembro de 2025

Núm. 167

CUARTO.— Publicar, no Boletín Oficial da Provincia, a Resolución de aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención de Incendios e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Redondela, así como na sede electrónica deste Concello <https://redondela.sedelectronica.gal>»

Documento asinado electronicamente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: SXWNXCVPV1TKQ8

